

CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA PARA A TEMPADA 2021/2022 – 1ª FASE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN formalizou cos clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 17 de decembro de 2021 ata o 30 de xuño de 2022. A relación de clubs é a seguinte:

EXP.	RAZÓN SOCIAL
001	Ensino Lugo Club de Baloncesto
002	Club Universitario de Ferrol
003	Club Deportivo Bosco
004	Agrupación Deportiva Cortegada Carril Vilagarcía
005	Club Baloncesto Arxil de Pontevedra
006	Club Maristas
007	Fundación Educación e Deporte de Santiago – FEDESA
008	Club Carmelitas Vedruna
009	Club Baloncesto Arxil de Pontevedra B
010	AD Manuel Peleteiro
011	Club Baloncesto Seis do Nadal – Coia
012	Fundación Educación e Deporte de Santiago – FEDESA B
013	Club Deportivo Bosco B
014	Club Compañía de María
015	Ensino Lugo Club de Baloncesto B
016	Club Basquet Coruña, S.A.D.
017	Club Orense Baloncesto S.A.D.
018	Club Baloncesto Culleredo
019	Porriño Baloncesto Base
020	Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB
021	C. Sto Domingo de Betanzos
022	Club Baloncesto Chantada
023	Asociación Deportiva Bosco Ourense
024	Club Baloncesto Peixe Fresco Marín
025	Club Balonmano Porriño
026	Clube Balonmán Atlét. Guardés-Guarda
027	Club Sociedad Deportiva Carballal
028	Sociedad Atlética de Redondela
029	Club Balonmano Porriño B
030	Clube Balonmán Cañiza



- 031 Club Balonmán Cangas
- 032 Club Cisne de Balonmano
- 033 Sociedad Deportiva Teucro Pontevedra
- 034 Sociedade Deportiva Atlético Novás – O Rosal
- 035 Club Amfiv
- 036 Club Basketmi-Ferrol
- 038 Club Peluquería Mixta Friol
- 039 Victoria Club de Fútbol
- 040 Sárdoma CF
- 041 Club Victoria de Santiago Fútbol Club
- 043 Viajes Interrías Fútbol Femenino
- 044 Umia FC
- 045 Club de Fútbol Unión Deportiva Mos
- 046 Clube Sociedade Deportiva Villestro
- 047 Racing Club de Ferrol SA Deportiva (1ª RFEF)
- 048 Real Club Celta de Vigo SAD (1ª RFEF)
- 050 Corujo Club de Fútbol
- 051 Pontevedra CF SAD (2ª RFEF)
- 052 Sociedad Deportiva Compostela
- 053 Club Deportivo Arenteiro
- 054 Bergantiños FC
- 055 Club Arosa Sociedad Cultural
- 056 Ourense Club de Fútbol S.A.D. (feminino-1ª rfe)
- 057 C.D. Burela F.S (feminino)
- 058 Club Poio Fútbol Sala
- 059 Marín Futsal
- 060 Cidade das Burgas Fútbol Sala
- 061 Club Viaxes Amarelle FS
- 062 Club Valdetires
- 063 A Fervenza FSF
- 064 Ourense Club de Fútbol SAD B (2ª rfe)
- 065 Club Fútbol Sala Femenino Castro
- 066 Club Deportivo Mosteiro Bembrive F. S.
- 067 5 Coruña Fútbol Sala
- 068 C.D. Burela F.S (masculino)
- 069 O Parrulo FS
- 070 Noia Fútbol Sala
- 071 Hockey Club Liceo de la Coruña (feminino – OK Liga feminina)
- 072 Hockey Club Cambre
- 073 Diver Patín Club Deportivo
- 074 Hockey Club Liceo de la Coruña (masculino – OK Liga masculina)
- 075 Hockey Club Liceo de la Coruña B (masculino – OK Liga Prata masculina)
- 076 Asociación Desarrollo del Hockey Sobre Patines en Compañía de María
- 077 Club Asociación Antiguos Alumnos Colegio Santo Domingo



- 078 C de Rugby Arquitectura Técnica de La Coruña
- 079 Asociación Campus Universitario de Ourense Rugby y Club
- 080 Club Emevé (feminino)
- 081 Club Instituto Zalaeta
- 082 Club Voleibol Ourense
- 083 Club Voleibol Bruxas
- 084 Club Deportivo Padre Faustino (feminino)
- 085 Club Emevé (masculino)
- 086 Club Voleibol Cabo de Cruz
- 087 Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño
- 088 Club Voleibol Dumbría
- 089 Club Vigo Voleibol
- 090 Club Deportivo Padre Faustino (masculino)
- 091 Círculo Cultural Recreativo de Chapela
- 092 Club Tenis de Mesa Cidade de Narón
- 093 Tenis de Mesa Monte Porreiro (feminino)
- 094 Illas Cies Tenis de Mesa
- 095 Arteal Tenis de Mesa
- 096 Tenis de Mesa Monte Porreiro (masculino)
- 097 Agupación Deportiva Vincios
- 098 Club Deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa
- 099 Club Cambados Tenis de Mesa
- 100 Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa
- 101 Tenis de Mesa Monte Porreiro B (masculino)
- 102 Club Patíns Lóstregos Lucus
- 103 Club de Hockey Femenino Meigas
- 104 Club Bádminton Ravachol pontevedra
- 105 Club Bádminton As Neves
- 106 Club Polideportivo Athlos de Orense
- 107 Zalaeta 100Tolos (espada feminino)
- 108 Club Esgrima Coruña (feminino)
- 109 Club Esgrima Coruña (masculino)
- 110 Zalaeta 100Tolos (espada masculino)
- 111 Club de Esgrima de Vigo El Olivo
- 112 Zalaeta 100Tolos (florete masculino)
- 113 Club Deportivo Escola Hungaresa de Esgrima de Pontevedra
- 114 Escola Deportiva Val Miñor-Caixa Nova
- 115 Club Ural Español C.F.
- 117 Real Club Celta de Vigo SAD (xjuvenil)
- 119 Pabellón Ourense Club de Fútbol
- 120 Pontevedra CF SAD (xjuvenil)
- 121 SD Compostela



Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte das Entidades á Fundación Deporte Galego así como a colaboración das partes na promoción do deporte de alta competición en Galicia, de acordo co Plan de patrocinio para a tempada 2021/2022 – 1ª fase.

Este patrocinio desenvólvese conforme ás prestacións publicitarias obrigadas e á proposta de melloras publicitarias presentada polas Entidades así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, tempada 2021/2022 – 1ª fase.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

- I. A Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. A Fundación, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, tempada 2021/2022 – 1ª fase, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. As Entidades contan cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Esta iniciativa, que comezou na tempada 2009/2010 logrou captar a atención dalgunhas das máis recoñecidas e prestixiosas empresas galegas como soporte publicitario para dar a coñecer a súa marca e os seus produtos. Tal foi o caso de Abanca Corporación Bancaria S.A. (ABANCA), unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporou como patrocinadora deste plan no ano 2015.
- V. Tras tempadas de traballo, logrando dos clubs un grande retorno publicitario en todo o territorio galego, estatal e incluso a nivel internacional, cunha presenza permanente da imaxe deste Plan de Patrocinio nos medios de comunicación, nos espazos deportivos, e nas redes sociais, incorpórase nesta convocatoria a Axencia Turismo de Galicia-Xacobeo.
- VI. No ámbito do acordo de colaboración para a promoción de actividades deportivas entre a Axencia Turismo de Galicia e a Secretaría Xeral para o Deporte, establécese como obxectivo a promoción de actuacións conxuntas que redunden na promoción nacional e internacional de Galicia e do Ano Santo Xacobeo 2021, a través do deporte. Dita colaboración concrétase a través deste Plan de Patrocinio entre outras actuacións, para a promoción da marca Xacobeo Galicia 2021.
- VII. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA e da AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO como patrocinadores oficiais do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA e da AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO.



- VIII. Grazas á consolidación deste Plan e á implicación e compromiso das entidades patrocinadas, cumprindo estritamente coas esixencias publicitarias establecidas pola Fundación, para esta tempada 2021/2022 – 1ª fase, unha vez máis, todos os equipos obxecto deste patrocinio serán o escaparate perfecto para demostrar que o DEPORTE GALEGO é un soporte publicitario de altísimo valor para exportar polo mundo a imaxe do noso tecido empresarial galego, para poñer en valor a importancia do deporte como medio de fomento da actividade física e como ferramenta de promoción da nosa cultura e da nosa oferta de turismo activo.
- IX. O Plan de Patrocinio conta con dúas liñas de patrocinio:
- a. Patrocinio con cargo á liña específica Xunta de Galicia-Deporte Galego-Axencia Turismo de Galicia-Xacobeo.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- X. As seguintes entidades manifestaron na solicitude o desexo de acceder só á liña de patrocinio do primeiro apartado, presentando ademais a proposta de melloras para esta:
- Seis do Nadal (Baloncesto – Feminino).
Club Básquet Coruña (Baloncesto – Masculino).
Racing Club de Ferrol SAD (Fútbol – Masculino).
Real Club Celta de Vigo SAD “B” (Fútbol – Masculino).
Club Valdetires (Fútbol sala – Femeinino).
Real Club Celta de Vigo SAD (Fútbol Xuvenil – Masculino).
- XI. Logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades resultaron adjudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio.
- XII. Conforme a todo o referenciado, as Partes, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluíron o ánimo de lucro, e non poideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

